

OUTONO DE 100 FOLLAS



As actividades comezan o 15 de outubro e rematan o 15 de decembro de 2018, tendo unha duración de 9 semanas, os días festivos recuperaranse ao final do periodo.

Inscríbete cumprimentando o formulario do reverso e entregándoo **do 27 de setembro ao 8 de outubro** na Casa do Concello, nas oficinas municipais do Temple e A Barcala ou no rexistro telemático cambre.gal.

No caso de ser necesario realizárase un sorteo público o 10 de outubro ás 11:00 h na Concellaría de Cultura publicando as listas na web municipal ás 14:00 h.

En calquera caso as actividades municipais se rexerán pola Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no B.O.P. núm. 81, de 30 de abril de 2014.



>> REFORZO DE MEMORIA>>

Actividade gratuíta

Unha actividade gratuíta que sintetiza o mellor do "Reforzo cultural" e o "Taller de Memoria", cunha duración adaptada a uns renovados contidos pedagóxicos introducindo contidos máis dinámicos e sociais, chegando ademais a máis parroquias do noso concello.

A BARCALA - Venres de 11:00 a 12:30	CECEBRE - Venres de 19:00 a 20:30
ANCEIS - Martes de 18:00 a 19:30	MEIXIGO - Mércores de 15:30 a 17:00
ANDEIRO - Martes de 16:00 a 17:30	O TEMPLE - Xoves de 11:00 a 12:30
BRIBES - Xoves de 19:00 a 20:30	SAN LOURENZO - Venres de 16:00 a 17:30
CAMBRE - Mércores de 17:15 a 18:45	SIGRÁS - Xoves de 16:00 a 17:30

>> MANUALIDADES>>

Actividade gratuíta

Este ano daremos cabida a esas pequenas cousas que temos que realizar no noso fogar, reparacións cotiás e pequenas chapuzas que nos fan a vida máis doada a maiores de novos traballos manufacturados e artesáns.

A BARCALA, Centro da 3ª Idade, Venres de 16:30 a 18:00	CAMBRE, Centro da 3ª Idade, Martes de 16:00 a 17:30	VIGO, Local Social, Xoves de 16:00 a 17:30
ANCEIS, Local da Rocha, Xoves de 18:15 a 19:45		O TEMPLE, Local 3ª Idade, Luns de 16 a 17:30

>> TÉXTIL>>

15.00 €

Introdúctete no mundo da confección para dar satisfacción á túa creatividade e ás túas necesidades máis domésticas empregando as nosas instalacións do Local para Asociacións da Urbanización A Barcala.

BÁSICO: Luns de 17:00 a 18:30	AVANZADO: Luns de 19:00 a 20:30
-------------------------------	---------------------------------

>> PINTURA>>

16.88 €

Todos os obradoiros de pintura desenvolveranse nas mellores instalacións que temos en Cambre para esta actividade: a Casa da Cultura Vila Concepción, na parroquia do Temple. Prepara os pinceis para explotar a túa vertente máis artística.

GRUPO 1: Xoves de 10 a 11:30	GRUPO 2: Xoves de 16 a 17:30	GRUPO 3: Xoves de 18 a 19:30
------------------------------	------------------------------	------------------------------

>> ESTIMULACIÓN MENTAL>>

16.88 €

Preparado para dar o mellor de ti? Mellora o teu desenvolvemento cognitivo con esta actividade.

Casa da Cultura Vila Concepción: Mércores de 18:00 a 19:30
--

>> SEVILLANAS>>

16.88 €

Unha actividade diferente, lúdica e esixente fisicamente. Anímate a coñecer este baile andaluz.

Casa da Cultura Vila Concepción: Luns de 11:00 a 12:30
--

>> INFORMÁTICA>>

27.00 €

Domina o manexo do computador persoal e o mundo da informática e a ofimática con este cursiño nas nosas aulas de informática:

A BARCALA Mércores e Venres de 10:00 a 11:30	CAMBRE Martes e Xoves de 10:00 a 11:30
--	--

>> MANEXO DE MÓBIL E TABLET>>

13.50 €

Non te quedes atrás no manexo das redes sociais e no coñecemento das últimas novidades destes modernos dispositivos.

O TEMPLE, Aula de Informática: Venres de 12:00 a 13:30
--

>> INFORMÁTICA NO RURAL>>

13.50 €

Aprende o máis básico para andar polo mundo virtual, facer pequenas xestións, manexarte nas páxinas web, utilizar o correo electrónico... a informática máis accesible chega ao noso rural, desta volta nas parroquias de

ANDEIRO, Local Social: Venres de 20:00 a 21:30	CECEBRE, A Xuventude: Xoves de 20:00 a 21:30
--	--